

**GUÍA DO ALUMNADO PARA
A REALIZACIÓN DO CURSO DE
APLICADOR/MANIPULADOR DE PRODUTOS
FITOSANITARIOS – NIVEL CUALIFICADO (CURSO
PONTE)
MODALIDADE SEMIPRESENCIAL**

1.- INTRODUCCIÓN

2.- NIVEIS DE CAPACITACIÓN

3.- TEMARIO DO CURSO

4.- REQUISITOS PARA OBTENIR A CUALIFICACIÓN DE APTO NO CURSO

5.- ACCESO Á PLATAFORMA

6.- FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA

7.- CONTACTO COS TITORES

8.- EXPEDICIÓN DE CARNÉ



**GUÍA DO ALUMNADO PARA A REALIZACIÓN DO CURSO DE
APLICADOR/MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS
NIVEL CUALIFICADO (CURSO PONTE) - MODALIDADE SEMIPRESENCIAL**

1. INTRODUCCIÓN:

O manexo e aplicación de produtos fitosanitarios esixen un nivel adecuado de formación e especialización, para conseguir unha sensibilización adecuada en materia de seguridade alimentaria e a xestión sustentable dos recursos naturais, incluídos os métodos de produción compatibles coa conservación, a mellora da paisaxe e a protección do medio ambiente.

Desde a publicación da Orde do 8 de marzo de 1994, pola que se establecía a normativa reguladora da homologación de cursos de capacitación para realizar tratamentos con praguicidas, efectuouse un gran esforzo en todas as Comunidades Autónomas na formación dos agricultores, tanto na impartición de cursos como na expedición de carnés, co fin de realizar unha correcta aplicación destes produtos, evitando posibles danos ambientais e riscos na saúde das persoas.

Posteriormente a Directiva 2009/128/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de outubro de 2009, pola que se establece o marco da actuación comunitaria para conseguir un uso sustentable dos praguicidas, e o Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, regulan o establecemento de sistemas de formación, reforzando os sistemas establecidos ao amparo da Orde do 8 de marzo 1994.

Esta formación vai encamiñada a todos os usuarios profesionais e vendedores de produtos fitosanitarios, de feito que quenes utilice ou manipulen produtos fitosanitarios sexan plenamente conscientes dos posibles riscos para a saúde humana e o medio ambiente, e das medidas apropiadas para mitígalos.



2.- NIVEIS DE CAPACITACIÓN:

2.1. Nivel Básico:

Para o persoal auxiliar de tratamentos terrestres e aéreos, incluíndo os non agrícolas, e os agricultores que os realizan na propia explotación sen empregar persoal auxiliar e utilizando produtos fitosanitarios que non sexan nin xeren gases tóxicos, moi tóxicos ou mortais. Tamén se expedirán para o persoal auxiliar da distribución que manipule produtos fitosanitarios.

2.2. Nivel Cualificado:

Para os usuarios profesionais responsables dos tratamentos terrestres, incluídos os non agrícolas, e para os agricultores que realicen tratamentos empregando persoal auxiliar. Tamén se expedirán para o persoal que interveña directamente na venda de produtos fitosanitarios de uso profesional, capacitando para proporcionar a información adecuada sobre o seu uso, os seus riscos para a saúde e o medio ambiente e as instrucións para mitigar os devanditos riscos.

2.3. Fumigador:

Para aplicadores que realicen tratamentos con produtos fitosanitarios que sexan gases clasificados como tóxicos, moi tóxicos, ou mortais, ou que xeren gases desta natureza. Para obter o carné de fumigador será condición necesaria adquirir previamente a capacitación correspondente aos niveis básico ou cualificado.

2.4. Piloto aplicador:

Para o persoal que realice tratamentos fitosanitarios desde ou mediante aeronaves, sen prexuízo do cumprimento da normativa específica que regula a concesión de licenzas no ámbito da navegación aérea.


3.- TEMARIO DO CURSO:

1. As pragas dos cultivos: clasificación, descrición e danos que producen. *(4h en liña)*
2. Métodos de control de pragas. Importancia dos métodos non químicos. Medios de protección fitosanitaria. *(3h en liña)*
3. Estratexias e técnicas para a xestión integrada de pragas. Control biolóxico e outras alternativas para o control de pragas en distintos cultivos. Principios xerais da xestión integrada de pragas. Toma de decisións en protección fitosanitaria e iniciación á avaliación comparativa. Prácticas de identificación de pragas e de organismos de control biolóxico e o seu manexo. *(5h en liña + 2h presencial)*
4. Produción integrada e produción ecolóxica. *(4h en liña)*
5. Medidas para reducir os riscos sobre a saúde: niveis de exposición do operario. Posibles riscos derivados de realizar misturas de produtos. Medidas preventivas e de protección do aplicador. Equipos de protección individual. *(30min en liña)*
6. Tratamentos fitosanitarios. Preparación, mistura e aplicación. *(1h en liña)*
7. Equipos de aplicación: descrición e funcionamento. *(1h en liña)*
8. Limpeza, regulación e calibración dos equipos *(1h en liña)*
9. Mantemento, revisións e inspeccións periódicas de los equipos. *(2h en liña)*
10. Prácticas de revisión e calibración de equipos. Riscos relacionados co uso de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios. *(4h presencial)*
11. Prácticas de aplicación de tratamentos fitosanitarios. *(1h presencial)*
12. Eliminación de envases baleiros. Sistemas de xestión. Normativa. *(1h en liña)*
13. Trazabilidade. Requisitos en materia de hixiene dos alimentos e dos pensos. Rexistro de pragas e de tratamentos nas explotacións agrarias. O caderno de explotación. *(1h en liña + 1h presencial)*
14. Relación traballo-saúde normativa sobre prevención de riscos laborais. *(30 min en liña)*
15. Seguridade social agraria *(1h en liña)*
16. -Normativa que afecta á utilización de PF. Compra, transporte e almacenamento. Autorización e rexistro de produtos fitosanitarios e medida en que afecta á utilización dos mesmos. *(2h en liña)*
17. EXAME *(presencial)*


4.- REQUISITOS PARA OBTENER A CUALIFICACIÓN DE APTO NO CURSO:

O curso ten unha duración dunhas 4 semanas, desde a apertura na plataforma ata a realización do **EXAME**, onde o alumno terá que:

1) Acadar un **tempo de conexión mínimo de 27 horas**. Este tempo podería verificalo a través da ferramenta de dedicación que atopará na plataforma, situada na parte superior dereita.



Para visualizar o tempo de dedicación, no caso de acceder á aplicación a través dun dispositivo móbil baseado no sistema operativo **Android** (smartphone, tablet), premeríamos no símbolo < situado no centro da marxe dereita da pantalla (rodeado de cor vermella na seguinte imaxe):



2) Visualizar todos e cada un dos temas que forman parte do curso, de maneira regular ao longo do tempo no cal o curso estará aberto.

Verificar que todos os temas teña o símbolo "v" dentro do cadradiño no índice de temas. *No seguinte exemplo temas 5 e 6 vistos, e tema 7 non visualizado todavía:*



TEMA 5 : SINALIZACIÓN E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



TEMA 5 : SINALIZACIÓN E EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL



TEMA 6 : PREVENCIÓN DE INCENDIOS



TEMA 6 : PREVENCIÓN DE INCENDIOS



TEMA 7 : PRIMEIROS AUXILIOS



TEMA 7 : PRIMEIROS AUXILIOS



1. Recomendacións xerais
2. Protocolo PAS. Como Actuar en caso de accidente
3. Primeiros auxilios

3) Acudir ás clases presenciais obrigatorias **que terán lugar no CFEA de Monforte de Lemos.**



<https://goo.gl/maps/Kx9CMZfxX4UnmxCR6>

4) Superar o **Exame presencial** coa cualificación de APTO.

O **Exame** consiste en contestar a unha batería de **30 preguntas** sobre os contidos recibidos durante o curso. As preguntas serán tipo test con **4 respostas posibles** por cada cuestión, das que **soamente unha é a valida**. Cada acerto será valorado en **UN PUNTO, detraéndose cada TRES FALLOS UN PUNTO**. Para superar a proba será necesario acadar unha puntuación final de **15 PUNTOS**.

Por debaixo desta puntuación o alumno será considerado como **NON APTO**. Neste último caso, o alumno poderá optar a unha **segunda e/ou terceira oportunidade de exame**, sen necesidade de volver a inscribirse no curso, deben transcorrer cando menos unha semana entre avaliacións.

As cualificación de **APTO** ou **NON APTO** comunicaranse a través do servizo de mensaxería da plataforma de teleformación e, por norma xeral, nun prazo das 24h posteriores á finalización do exame.

5.- ACCESO Á PLATAFORMA:

Poderase acceder con calquera navegador web compatible (Internet Explorer, Google Chrome, Mozilla Firefox...) a través do seguinte enlace:


<https://formacion-mediourural.xunta.gal/>

Unha vez matriculado o alumno poderá acceder ao curso, para o que deberá introducir o seu nome de usuario e contrasinal na plataforma:

NOME DE USUARIO: o seu DNI coa letra en maiúsculas. (*Exemplo: 00000000F*)

CONTRASINAL: A primeira vez que acceda será: Abcd.1234 (*ter en conta as maiúsculas e signos de puntuación*)

O ACCESO Á PLATAFORMA SÓ ESTARÁ DISPOÑIBLE A PARTIR DA DATA INDICADA POLO TITOR



Castellano (es) | Galego (gl)

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XUNTA DE GALICIA

Nome da persoa usuaria Contrasinal Acceder

TELEFORMACIÓN DA CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL

O portal de Teleformación da Consellería de Medio Rural

Teleformación da Consellería de Medio Rural

Esta é a páxina de acceso ao campus virtual da Consellería de Medio Rural onde o alumnado poderá visualizar aqueles cursos nos que está inscrito. Esta plataforma é un punto de encontro entre o alumnado e o profesorado que lle permitirá acceder ao contido dos cursos, recibir actualizacións e resolver cuestións relacionadas coa súa formación a través de foros ou tutorías virtuais.

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Oficina virtual do medio rural

Unha vez prema no botón "Acceder" deberá cambiar a súa contrasinal. Recoméndase realizar o cambio antes de continuar.

🏠 > Preferencias > Conta de usuario > Cambiar contrasinal

Para continuar, deberá cambiar o seu contrasinal.

Cambiar contrasinal

Nome da persoa usuaria

Contrasinal debería ter cando menos 8 carácter(es), cando menos 1 díxito(s), cando menos 1 letra(s) minúscula(s), cando menos 1 letra(s) maiúscula(s), cando menos 1 carácter(es) non alfanuméricos
Os contrasinais pódense reutilizar logo de 5 cambios

Contrasinal actual *

Novo contrasinal *

Novo contrasinal (de novo) *

Neste formulario hai campos obrigatorios marcados con *



O novo contrasinal deberá conter cando menos **8 caracteres**, entre os cales: cando menos **1 dígito**, **1 minúscula**, **1 maiúscula** e **1 carácter non alfanumérico** (un punto, unha coma, etc.). Tampouco admitiría 2 caracteres iguais seguidos.

Unha vez finalizado o proceso xa poderá acceder coa nova contrasinal ao curso no que está matriculado.

No caso de esquecer o contrasinal poderá recuperala facendo clic en ***Esqueceu o seu nome de persoa usuaria ou o contrasinal?*** que se atopa na páxina principal.

Deberá introducir o seu nome de usuario e premer en buscar.

 > Acceder > Contrasinal esquecido

Para restabelecer o seu contrasinal, envíe o seu nome de usuario ou o seu enderezo de correo. Se podemos atopalo na base de datos, enviáremoslle un correo coas instrucións precisas para poder acceder de novo.

Buscar por nome de usuario

Nome da persoa usuaria

Buscar

Buscar por enderezo de correo

Enderezo de correo

Buscar

Enviaráselle ao correo electrónico facilitado as instrucións para a recuperación do contrasinal

Si ha suministrado un nombre de usuario o dirección correctos, se le debería haber enviado un email.

Contiene instrucciones sencillas para confirmar y completar el cambio de contraseña. Si sigue teniendo dificultades, contacte por favor con el administrador del sitio.

Continuar

6.- FUNCIONAMENTO DA PLATAFORMA:

Inicio:

Unha vez dentro amosarase a xanela principal desde onde terá acceso, a través das diferentes pestanas situadas na parte superior, a:




The screenshot shows the main dashboard with a blue header containing navigation tabs: Inicio, Panel de control, Eventos, and Os meus cursos. On the right of the header are icons for 'Agochar bloques', 'Pantalla completa', and a search icon. Below the header is a green button labeled 'Personalizar esta páxina'. The main content area is divided into two sections: 'Vista xeral das lapelas do curso' on the left and 'Calendario' on the right. Under 'Vista xeral das lapelas do curso', there are tabs for 'Favoritos' and 'Cursos'. A course card is visible with a star icon and the text: 'APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUCTOS FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO (CURSO PONTE) (FC2021F127117)'. Below the course card is a link for 'Axuda'. The 'Calendario' section shows a calendar for August 2021 with days of the week and dates. Below the calendar is a section for 'Próximos eventos'.

- **Os meus cursos:** cursos que o alumno ten activos en cada momento. O curso estará visible a partir da data indicada na planificación e desde este momento o alumno poderá iniciar a visualización dos temas.



This screenshot shows the 'Os meus cursos' tab selected in the navigation bar. The header now includes 'Curso actual' and 'Agochar bloques'. A dropdown menu is open under 'Os meus cursos', displaying the course ID 'FC2021F127117'.

- **Panel de control:** Pódese personalizar a orde de visualización dos cursos activos.



This screenshot shows the 'Panel de control' tab selected in the navigation bar. Below the header is the same green 'Personalizar esta páxina' button. The main content area is titled 'Vista xeral das lapelas do curso'.


- **Agochar bloques:** podemos ocultar os bloques de navegación da dereita da pantalla.



> Os meus cursos > M1:EA.2021_ED53



- **Pantalla completa:** permítenos cambiar entre "pantalla completa" ou "vista estándar"



Personalizar esta páxina

Vista xeral das lapelas do curso

Favoritos Cursos

☆ **APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUCTOS
FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO (CURSO PONTE)
(FC2021F127117)**


Axuda

Calendario


Agosto 2021						
dom	lun	mar	mér	xov	ven	sáb
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30	31				

Próximos eventos


Mensaxes: na parte superior dereita, onde recibirá as notificacións pertinentes por parte dos titores (inicio do curso, cualificacións e respostas as dúbidas que poidan xurdir sobre o temario).



- **Zona persoal:** onde se despregará un menú interactivo de configuración de preferencias.



Xa dentro do curso que ten aberto aparecerá a seguinte información:



Inicio Panel de control Eventos Os meus cursos Curso actual Agochar bloques Pantalla completa Q

> Os meus cursos > FC2021F127117

Foro de novas

APLICADOR MANIPULADOR DE PRODUTOS FITOSANITARIOS. NIVEL CUALIFICADO (CURSO PONTE) (FC2021F127117)

Course dedication
Your estimated dedication time is
Ningún

Persoas
Participantes

Navegación
Panel de control
Inicio do sitio
Páxinas do sitio
Os meus cursos
FC2021F127117
Participantes
Competencias
Cualificacións
Xeral
APLICADOR

Na parte central atópase a documentación correspondente ao curso, onde aparecen todos os temas que debe visualizar o alumno:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



UNIÓN EUROPEA

Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural

TEMA 1: INTRODUCCIÓN.

TEMA 2: PRAGAS DOS CULTIVOS.

TEMA 3: MÉTODOS DE CONTROL DE PRAGAS.

TEMA 4: ESTRATEXIAS E TÉCNICAS PARA A XESTIÓN INTEGRADA DE PRAGAS.

TEMA 5: PRODUTOS FITOSANITARIOS.

TEMA 6: BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS.

TEMA 7: TRATAMENTOS FITOSANITARIOS.

TEMA 8: MÉTODOS DE APLICACIÓN DE PRODUTOS FITOSANITARIOS.

TEMA 9: EQUIPOS DE APLICACIÓN.

TEMA 10: LIMPIEZA, REGULACIÓN E CALIBRACIÓN DOS EQUIPOS DE APLICACIÓN.

TEMA 11: PRÁCTICAS DE IDENTIFICACIÓN E USO DOS EPIS E DOS EQUIPOS DE TRATAMENTO.

TEMA 12: TRAZABILIDADE DOS PRODUTOS FITOSANITARIOS.

TEMA 13: RELACIÓN DE TRABALLO-SAÚDE. NORMATIVA SOBRE A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS (PRL).

TEMA 14: SEGURIDADE SOCIAL AGRARIA.

 TEMA 1: INTRODUCCIÓN.

 TEMA 2: PRAGAS DOS CULTIVOS.

 TEMA 3: MÉTODOS DE CONTROL DE PRAGAS.

Na marxe superior dereita atopamos información para a navegación a través da plataforma, información administrativa e o Bloque **"Dedicación ao Curso"**.

Dedicación ao curso

O teu tempo de dedicación estimado

é:

50 mins 27 segs.

Bloque "dedicación ao curso":

A plataforma de teleformación dispón dun bloque funcional para o cálculo dos tempos de dedicación dos alumnos en cada módulo formativo.

O cálculo fundaméntase en dous criterios:

1. Tempo de conexión: ou tempo de sesión é a fracción de tempo que pasa entre que o alumno se conecta (login) para acceder ao curso e o intre no que sae (logout) da plataforma.

2. Intervalo entre clics: O tempo máximo que pode discorrer entre dous clics consecutivos, que fai o alumno logueado dentro dun curso, para que compute o tempo de conexión como tempo de actividade. Esta medida serve para descartar tempo ocioso coa plataforma aberta, pero sen actividade por parte do alumno.

Clics válidos:

Non todos os clics que se fan dentro da plataforma se rexistran como eventos vinculados ao curso. Certas accións non son recollidas como eventos ou "clics validos" para o computo de tempo en cada curso.

Así, entre as accións máis comúns que **non se rexistran** como evento para o cómputo de tempo dentro dun curso están:

- Loguearse e desloguearse continuamente na a plataforma. Estas accións non computan agás se abra e peche a páxina principal de cada curso.
- Cambiar perfil de usuario, mandar mensaxes, etc. Estás accións non computarán xa que non poden ser asignadas a un curso.
- Pasar páxinas dentro un tema. Abrir un tema, e xa dentro del, pasar páxinas non se rexistra como acción na plataforma.

Si se rexistran como evento para o cómputo de tempo as seguintes accións:

- a) Cada vez que vostede abre o curso. Facer clic e entrar na páxina principal do curso ou módulo.



- b) Cada vez que vostede abre un tema. Unha vez dentro do curso, abrir un tema calquera para velo.
- c) Ao Regresar a páxina do curso.
- d) Cada un dos intentos nas avaliacións

Consello:



Recoméndase de vez en cando premer a tecla **F5** para que se actualice en tempo real o cronómetro de "Dedicación ao curso".

No caso de acceder á aplicación a través dun dispositivo móbil baseado no sistema operativo **Android** (smartphone, tablet), tería o mesmo efecto se prememos no centro da pantalla e arrastramos a mesma co dedo cara abaixo.





Autoavaliación:


Estará dispoñible o día indicado na planificación (ata esa data estará oculto) e constará de **30 preguntas** aleatorias tipo test. O alumno poderá realizar ata **tres intentos**. En cada intento poderán saír preguntas novas, todas elas extraídas dun banco de preguntas. A súa realización non é obrigatoria, pero si recomendable, de cara á preparación do exame presencial.

Estado "oculto":

AUTOAVALIACIÓN

Estado "visible":

AUTOAVALIACIÓN



Unha vez iniciada a autoavaliación deberá sinalar a resposta que estime correcta, e a continuación "Siguiete", ata rematar as 30 preguntas das que consta cada intento.

Avaliación



Ao remate fará clic en:



E a continuación en "Entregar todo e finalizar":



A continuación amosaranse todas as preguntas contestadas, indicando se as respostas marcadas son **Correctas** ou **Incorrectas**:

Pregunta **2**

Incorrecto

Puntuación: 0,00 sobre 1,00

▼ Marcar a pregunta

Que hai que facer cos envases baleiro de produtos fitosanitarios de uso profesional.

Seleccione unha:

- a. Gardalos nun contedor estanco e nun sitio seguro, ate que os levementos a un punto limpo ✗
- b. Un vez limpos e secos levalos a un punto de recollida SIGFITO
- c. Un vez limpo e secos devolveos os puntos de venta onde foron mercados

A resposta correcta é: Un vez limpos e secos levalos a un punto de recollida SIGFITO

A título informativo tamén se amosarán unhas estatísticas de cara a coñecer o estado de preparación do alumno para afrontar o exame presencial:

Arrancado o	Mércres, 4 de Agosto de 2021, 09:35
Estado	Finalizado
Completado o	Mércres, 4 de Agosto de 2021, 09:35
Tempo levado	49 segs.
Puntuacións	4,00/30,00
Cualificación	1,33 sobre 10,00 (13%)

7. CONTACTO COS TITORES:

O alumno poderá poñerse en contacto cos titores preferentemente a través do servizo de mensaxería da propia plataforma, ou ben por correo electrónico ou por teléfono. Darase contestación ás preguntas expostas nun prazo máximo de 24h, a través do mesmo medio.

Os titores están identificados na plataforma coa seguinte imaxe:



8. EXPEDICIÓN DE CARNÉ:

Na primeira xornada presencial facilitarase a **solicitud** e **impreso de pagamento de taxas** necesarios para a expedición do carné.